


# Consello de Galiza



**Saudo os Galegos no  
seu Día Nacional**

# Ao pobo de Galicia

GALEGOS:

Neste 25 de Xulio, DIA NACIONAL DE GALICIA, vai a vós o afervorado saúdo do voso Goberno Autonómico no Eisilio, que consciente da súa responsabilidade histórica traballa en estreita comunicación coas forzas patrióticas do interior na tarefa común de outeiro reencontro na Terra natal.

Na medida que forcemos a nosa marcha, mais cedo Galicia conquerrirá a súa Liberdade. As condicións políticas actuais fan irreversible a volta de toda Hespaña o réximen de democracia que todos anecemos e cúa defensa abnegada foi causa do noso desterro pra poder manter ergueitas as bandeiras das nosas reivindicacións nacionais e cumprir o mandato popular verquido no veredicto plebiscitario do Estatuto de Galicia de Xunio de 1936.

A forza da nosa legalidad como goberno, o basamento da vosa loita patriótica, o respecto dos partidos políticos e organizacións obreiras a Galicia, xurde nidia fronte a nosa vocación autonómica e nacional amostrada naquela histórica xornada.

Os xerifaltes do réximen non preveron que morta a xeneración brillante e patriota dos anos 1910 a 1936, continuadora da longa tradición política galega, poideran rexurdir do martirio, e do apostolado recibido, novas xeneracións capaces de seguir o roteiro do patriotismo e a abnegación. Nonembargantes, hoxe, sin medo, con firmeza e valentía, a cidadanía galega batalla duramente pra restabelecer o que nos foi arrebatado e, soportando a represión máis dura, dá outa leición de desafío o poderío do goberno franquista, seguros da proximidade do día en que non sexa delito berrar ¡VIVA GALICIA CEIBE!

Os detentadores do poder se non dan conta que dende fai trinta anos, que veñen decindo son de paz, Hespaña vivealcontra da corrente da historia. Se non decatan que trinta anos son moitos como pra que os galegos non poidan ver como o mundo evoluciona con novos pulos de xusticia social que levan a outeiro dereitos, deica agora negados, e sentando as bases positivas da participación do pobo no disfrute da riqueza outida pola conxunción de todo los seitores embarcados no traballo nacional.

Pensan que se pode enganar o pobo falando de leises fundamentaes que non son máis que o andamio que permita a continuidade do privilexio das oligarquías, económica e política, e os monopolios zugadores da economía popular dende a instauración do réximen. Pensan que o pobo iñora as bases inmorales dos negociados e prebendas outidas a costa do baixo nivel de vida e da negación dos dereitos a todos os hespañoles.

Pra impedir esa continuidade ominosa, Galicia, e Hespaña, están de pé. A sagra unión dos traballadores da terra e o mar; da industria e o comercio; do clero progresista e os estudantes; das forzas económicas e os profesioaes; dos inteleituales e consumidores, vencerá na porfía. ¡Ninguén poderá derrotarnos! Somos a Galicia Eterna que unha vegada máis enfrenta, con decisión e valor, a máis importante coiuntura da Patria, logo da que nos tocou vivir o 28 de Xunio de 1936!

Galicia está no umbral do seu trunfo e a tiranía coas horas contadas.

¡Galegos!: Frente a ese feito afirmade a valorización do ser galego. Persistide e acentuade a loita. Que ninguén poida obrigaros a facer nada que non responda as nosas necesidades. Todas as institucións da Nosa Terra deben estar ó seu servicio: As artísticas, académicas, culturaes, deportivas, obreiras, estudantiles, económicas, relixiosas e, sober de todo, as políticas.

Impedide que algunha delas sirva a intreses espurios e eisixide se poñan todas a traballar o servicio da nosa liberación nacional. ¡Marcade a fogo a traición e a cobardía!

¡Galegos!: Neste noso Día Nacional que fai que os galegos lembren o seu pasado, mediten encol do presente e fagan pláns pro seu futuro, unha soia determinación debe acompañarnos: Solidaridade prena entre nós que nos leve, en pechada e estreita unidade, a derrubar o aparato estatal opresor a fin de que alumee o día grandeiro de Galicia.

Aspiramos, galegos, a unha Galicia próspera, abundosa, dona das súas riquezas, xusta na distribución dos bens outidos, sin monopolios opresivos, sin quitas a liberdade individual, co libre acceso

de todos o disfruite dos dereitos esenciaes, e onde o home teña o real valor que hoxe se lle nega. Somentes unha Galicia dona dos seus destiños impedirá a sangrante riada da emigración, a fame secular dos nosos hirmáns e a explotación inxusta da nosa Terra.

Queremos vivir en comunidade tolerante cos demais pobos que integran a Península Ibérica. Nunha Hespaña onde a tolerancia presida as relacións de todos e as hexemonías sexan atributo de cada nación.

A Galicia Libre, que unicamente pode existir na emigración, xunguida con lealtade insobornabel o CONSELLO DE GALIZA, creación do noso inmorredoiro guieiro Castelao, afirma, unha volta máis a súa solidariedade co noso pobo, nos seus diversos matices políticos, falando tamén polos que soportan a dura continxencia da represión e a loita histórica de arestora.

¡Galegos!: Neste mensaxe de esperanza e fé, saúdo fraterno de quenes viven convosco en solidariedade total, augurámosvos que a hora do trunfo é perta, e aínda máis perta a caída dos que asoballan e negan os dereitos da liberdade os galegos.

¡Venceremos Nós!

Dende un lugar da Terra, 25 de Xulio de 1969.

CONSELLO DE GALIZA  
Cumio Central